



A CRISE DERIVADA dos efectos colaterais da guerra de Ucraína e dos prezos enerxéticos, alcanza a diversos sectores, entre eles ao transporte, e afecta tanxencialmente a HGG&T, obrigada a axustar as existencias o tipo de papel a paxinación habitual. Salvada a edición, **LA ENTREVISTA** é con Jorge Pallarés (Martín Códax).

Mesa de Redacción
RELACIONES
TRANSFRONTEIRIZAS



José Paredes
Alcalde de Alijé



Xosé Regueira
Vicepresidente
Diputación da Coruña



Emidio Gomes
Reitor Universidade
de Trás-os-Montes



Luis Pedro Martins
Pte. Turismo de Porto
e Norte



Beraldino Pinto
Vicepresidente
Desenvolvemento Norte
de Portugal



Joana Vasconcelos
Artista de proxección
internacional



Filomena Marques
Xestora e consultora
empresarial



Teresa de Albuquerque
Fundación Casa
de Mateus



Antón Alonso
Representante da
AGAXET



André de Quiroga
Modrador. Comunicador
lisboeta

La despensa
de nuestros ríos

GASTRONOMÍA FLUVIAL

CHUPITOS DE PRIMAVERA

Cata de orujos gallegos



AGOREIRA



GODELLO
D.O. VALDEORRAS

www.adegasterrae.com

CRÓNICA DUNHA EXPERIENCIA DESDE ALIJÓ

Interesante e intenso viaxe á localidade portuguesa de Alijó (distrito de Vila Real) para profundizar no coñecemento do territorio, da súa enogastronomía, e no coñecemento máis polo miúdo dos viños do Porto, dos moscateles de Favaios e dos viños do Douro nunha acción promocional da Cámara Municipal de Alijó con motivo da inauguración da adega Quanta Terra (nas instalacións dunha antiga destilería) acompañada dunha exposición da recoñecida artista plástica lusa Joana Vasconcelos que deu comezo a un ciclo expositivo itinerante parte de cuxa mostra se pode contemplar na adega antes citada e tamén nalgunhas das etiquetas das súas botellas.

Por **Vitoriano Castro**.

A visita estivo organizada polo parceiro da revista HG&T en Lisboa, o comunicador **André de Quiroga**, e alí acudimos da man de **Guillermo Campos**, presidente da Asociación Galega de Xomalistas e Escritores de Turismo (Agaxet) e director fundador da revista Hostelería, Gastronomía Galega & Turismo (HG&T).

A delegación galega tivo como anfitrión ao presidente da Cámara Municipal de Alijó, **José Paredes**, a vereadora da área de Turismo, **Sonia Pires** e aos propietarios da adega Quanta Terra —onde comezou a visita— Celso Pereira e Jorge Alves.

Ao día seguinte tocou visita ao espazo de enoturismo da adega Quinta da Avesada, onde a *chanfana no pote* —cabra de catro anos cocida ou guisada en viño tinto e branco con outros aderezos durante 4 horas en potes de ferro fundido— foi protagonista do *Almorço*.

Antes os asistentes tiveron a ocasión de coñecer viños e aceites de produtores locais, entre eles o Moscatel de Favaios, única zona de produ-



José Paredes, presidente Cámara Municipal con Joana Vasconcelos.

ción —agás Setúbal— en Portugal deste doce brevax fortificado queantador e reparador de gornas doentes e non doentes.

En Favaios a xira continuou nunha panadería tradicional, a que rexenta Manuela Barriguda, onde elabora o “pao de catro cantos”, e visita ao o Museo do Pao e do Vinho.

A comitiva desplazouse á Adega Cooperativa da localidade, a maior produtora do país veciño de Moscatel Galego (sí, galego, pois a uva foi introducida dende Galicia cando a filoxera, segundo comentaron). O colofón á xornada chegou no Miradouro de Ujô (Curuxa) sobre o río Túa con vistas recomendables... xa no solpor Máis espectacular aínda é o Miradouro de Casal de Lai-



Sonia Pires, vereadora de Turismo



vos, sobre o Douro, enriba mesmo de Pinhao, con panorámicas espectaculares sobre as ladeiras do Douro e os socalcos dos viñedos nos que traballaron arreo canteiros galegos. Este territorio está declarado Patrimonio da Humanidade e calificado pola UNESCO como Paisaxe Cultural.

Non sen antes contemplar os fermosos mosaicos de estación do camiño de ferro de Pinhao —fegresía do municipio de Alijó ao igual que Favaios— o percorrido ía rematar antes do *almorço* na adega Quinta do Bomfin, coa sorte de ver pasar o tren que percorre as marxes do Douro e avistar dous barcos Rabelos, aqueles que transportaban os tonéis do viño do Porto ata Vilarinho de Gaia onde descansan estes afamados doces fortificados con augardente vínica.

O Porto faise con diferentes variedades tintas autóctonas (courage) vedimadas cando acadan os 14 graos de alcohol. A fermentación párase cando o mosto acadou os 8 graos alcólicos co engadido de augardente vínica e así manter os azucres que aportan o dozor característico destes viños.

Por certo, a subida dende Alijó ao miradouro de Casal de Loivos non é apta para os que teñan vértice. Pois se as ladeiras e socalcos de viñedos da nosa Ribeira Sacra son impresionantes, no Douro son maxestuosos.

Testimonio dunha vivencia enogastronómica

A experiencia hostaleira foi altamente satisfactoria, salvada algunha excepción propia de inicio de tempada, e por suposto, excluídos os establecementos máis profesionalizados. Un remate no restaurante Cêpa



Torta aconséllanos gardar unha merecida e positiva crítica para o próximo número -a carrillera e das de excepción- e un prato probado no restaurante A Fonte, en Santa Eugenia, tamén nos sorprendeu favorablemente: Arroz de salpicão com grelos. O salpicão ven sendo a nosa panceta ou papada salgada e afumada.

POUSADA BARÃO DE FORRESTER



Hotel de inspiración modernista. Está situado no centro da vila de Alijó. Equipado nos niveis de catro estrelas, alberga un restaurante con especialidades zonais e pratos internacionais. Entre esta gastronomía coitada os arroces e pratos derivados da chacinería comarcal destacan de maneira satisfactoria. Conta cun xardín e solarium.

CASA DA TRIGUEIRA



Aloxamento de “turismo de habitación” moi recomendable e con precio moi axeitado. Rexentada por Antonio Martinho, un antigo deputado na Assembleia Nacional portuguesa, conta con 7 habitacións e na planta baixa, no que outrora foron as cortes do gando, unha pequena mostra etnográfica moi interesante. Abundoso pequeno *almorço* e trato familiar.

CASA D'OS CASARÕES



Excelente modelo do turismo de “habitación” situada en Vilarinho de Cota, cunhas privilexiadas vistas sobre o Val do Vinhão. Relación moi familiar para tan só dous cuartos dos que dispón, o que se traduce nuns “pequenos *almorços*” familiarmente auténticos.

O “Bacalhau ó murro com grelos” e un sabedeiro pudim corónense con viño de colleita propia.

Quanta Terra, canta arte

VIÑOS CASADOS COA CREATIVIDADE

Tanto **Celso Pereira** como **Jorge Alves** poderían ser alcumados 'Quanta Terra', se non fosen eles mesmos a personificación da marca de viños que naciou en 1999 e que acaban de inaugurar unha moderna adega con espazo para o enoturismo en Favaios, no municipio portugués de Alijó (distrito de Vila Real). O edificio que a alberga é o resultado da reforma das antigas dependencias da destilería nº7 de Casa do Douro.

mento do seu proxecto personal, que naquel momento era só unha ilusión e un bosquejo nun caderno de papel.

Un día pensaron que era o momento de materializar a idea en algo concreto. Déronse a man coa creación dun viño e emprenderon a procura de terros e viñedos en Cima Corgo e Douro Superior. Durante dous anos estudaron variedades, enxertos, altitudes e exposicións.

A medida que analizaban as

opcións, o bosquejo ía converténdose en máis que unha idea. O milenio terminou cando finalmente Celso e Jorge asinaron a sociedade Quanta Terra, Lda. Atoparon o que buscaban. A propiedade elixida foi a Quinta do Traballo.

Visionarios e cun proxecto de alto potencial, pero sen os medios económicos suficientes para desenvolverlo propuxeron unha cota de participación na sociedade ao propietario da quinta, **Mario Joaquim**.

Con moito mimo e traballo, vendima manual e algunhas experiencias polo medio, os dous mentores do proxecto deixaron ao carón os seus cadernos e ultimaron os preparativos para presentar ao mercado o que levaba tempo fermentando nas súas mentes e lanzaron o primeiro viño ao mercado, Quanta Terra Red 1999.

Hoxe a gama de viños é ampla, as etiquetas Quanta Terra, Terra a Terra, brancos e tintos, espumosos... son viños de referencia en Portugal, algún deles podio nas Catas Transfronteirizas HG&T; e botellas "vestidas" con ilustracións da artista plástica portuguesa Joana Vasconcelos.

Quanta Terra, que na actualidade é unha marca de referencia na *Região Demarcada do Douro*, comezou a dar os seus primeiros pasos na afastada década dos 90, cando os dous actores principais coñecéronse mentres colaboraban no Departamento de Enoloxía das Adegas de Trás-os-Montes.

A complicidade profesional que estableceron foi o que lles permitiu crear unha base sólida para o desenvolvemento



Na inauguración de Quanta Terra adiantouse unha presentación parcial da última obra de Joana Vasconcelos, a artista autóctona de proxección internacional que a mediados de abril abrirá na Casa dos Noura de Alijó unha mostra das súas últimas creacións.

Daremos conta na vindeira edición de HG&T, que nenbargantes adiantalles nesta foto, na que aparece a artista e o alcalde da vila, José Paredes, unha parte desa obra singular, xunto ás garrafas (foto da dereita) da citada bodega cuxas etiquetas deseñou Joana Vasconcelos.

"Apaixoámonos" deste edificio que foi unha antiga destilería

Entrevistamos a Celso Pereira (C.P.) e Jorge Alves (J.A.) no interior dunha antiga cuba de augardente que conservaron nas novas instalacións, vestixios do que tempo atrás foi unha destilería.



Jorge Alves



Celso Pereira

-Como chegades a montar unha adega nos tempos actuais, como xurde o proxecto?

-J.A.: Apaixoámonos deste edificio que foi unha antiga destilería, mercamos o edificio no ano 2015 e en 2018 comezamos o proxecto de obra. Escollemos un arquitecto magnífico da rexión que interpreta moi ben a recuperación de edificios, nomeadamente a arquitectura industrial e vinícola, a reforma foi executada en tempos de pandemia e agora temos presa no futuro.

-Cando será posible ver nas cartas de restaurantes en España e en Galicia os viños Quanta Terra?

-J.A.: Na mesma altura que poidamos gozar aquí no Douro dos grandes albariños Rías Baixas, na mesma altura (risas).

-Estamos nunha vella cuba de augardente, a nai do Porto universal, ¿Qué significa des-

de hoxe para o futuro este novo proxecto de Quanta Terra?

-C.P.: En primeiro lugar Quanta Terra é sinónimo de identidade, unha identidade moi propia. Nós desde 1999 facemos viños expresivos, viños con rostro e marcada personalidade como decía antes. Sempre foron así, cunha identidade de marca que nos diferencia.

A partir do momento que miramos para este espazo pensamos en crear unha metamorfose dentro da filosofía da nosa empresa para recrear aínda máis viños de alta calidade.

É o caso do Quanta Terra Enteiro (amosa a botella), un viño de 2011 que estivo seis anos en barrica e tres anos en cuba de cemento antes de saír ao mercado.

En definitiva, estamos a facer viños con mensaxes completamente diferentes ao que están facendo outros produtores do Douro.



GALLAECIA TRANSFRONTEIRIZA QUE OLLA AO FUTURO

PANELISTAS

■ JOSÉ RODRIGUES PAREDES

Presidente da Cámara Municipal de Alijó.

■ XOSÉ REGUEIRA VARELA

Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña, responsable das áreas de Turismo e Patrimonio Histórico e presidente da área de Plans e Cooperación.

■ EMIDIO GOMES

Reitor da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD). Catedrático do Instituto de Ciencias Biomédicas da Universidade de Porto.

■ LUÍS PEDRO MARTINS

Presidente da Entidade Rexional de Turismo do Porto e Norte de Portugal (TNPT).

■ FILOMENA MARQUES

Directora de MG Boutique de Serviços. Xestora e consultora de empresas. Recoñecida especialista no mercado internacional da arte.

■ TERESA DE ALBUQUERQUE

Directora da Fundación da CASA de MATEUS e responsable da programación cultural.

■ BERARDINO PINTO

Vicepresidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N).

■ ANTÓN ALONSO SUÁREZ

Fundador, editor e director da revista VINOS Y CAMINOS (tamén en vinosycaminos.com), acudeu delegado pola AGAXET (Asociación Galega de Escritores e Xornalistas de Turismo) da que é directivo.

■ ANDRÉ DE QUIROGA

Este destacado xestor cultural, comisario de exposicións -a través da marca de comunicación Forza Motriz- gastronómico e coleccionista lisboeta moderou o debate propiciando sempre o maior protagonismo dos panelistas.

HG&T aproveitou o foro sobre as relacións transfronteirizas eurorrexionais que levou a AGAXET a Alijó para convertilo nunha mesa de redacción, ocasión óptima para pulsar, unha vez máis, os argumentos sobre a necesidade de acelerar a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal, unha partitura sempre necesitada de novas pautas e acordos. Un territorio único merecedor de novos es-

forzos cooperativos e parceiros para sermos máis competitivos. Xuntémonos máis e mellor, nos ámbitos público e privado, e hanos ir ben. Tamén na promoción proveitosa e rendible dos produtos culturais. Velaí unha das principais conclusións do foro celebrado no espazo elegante da bodega Quanta Terra, en Favaios (Alijó). Ao abeiro do Douro, **X.M. Palmeiro** escoitou, anotou e levantou acta periodística.

Os tres foros de reflexión abordaron estratexias de desenvolvemento económico e cultural para a promoción e a protección dun patrimonio e das xentes que o legaron e o defenden. Recursos e pouso de séculos dun eixo atlántico que case encaixa co perfil da Gallaecia romanizada (conventus braccarensis, asturicensis e lucensis), necesitado de novas propostas e iniciativas en tempos de desafiantes e inquietantes mudanzas xeopolíticas.

PERDAS DEMOGRÁFICAS E TURÍSTICAS

O presidente da Cámara Municipal de Alijó, **José Rodrigues Paredes**, fixo algúns apuntamentos sobre a sensible perda demográfica. O seu territorio, de 300 kilómetros cadrados, que conta 10.500 habitantes, perdeu 1.500 nos últimos dez anos. Números demográficos á baixa, asunto moi visible e sensible tamén en Galicia. Nese marco o rexidor portugués avogou por accións políticas "que permitan reter a xente no territorio, eviten o abandono e canda él a degradación da paisaxe e, ao tempo, reducir as marcadas diferenzas entre o litoral e o interior".

PRESENTE E FUTURO DA EUROREXIÓN, NUN DEBATE A FONDO ALTO DOURO - GALICIA

Os concellos que teñen directa relación coa Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, apuntou o reitor **Emidio Gomes**, perderon o 10 por cento da súa poboación nos últimos 10 anos e o 25 por cento nos vinte anos anteriores. "Temos



Xosé Regueira

saldo natural negativo e saldo migratorio negativo", resumiu.

Fai falta máis masa crítica. Rodrigues Paredes falou da necesidade de afrontar as inevitables presións sobre as infraestruturas, o patrimonio e a paisaxe, "polo que en Alijó estamos pensando en implementar unha taxa (turística) de chegada". Tasa que tamén defende Luís Pedro Martins, presidente de Turismo do Porto e Norte de Portugal, quen salientou a obriga de "construír produtos turísticos transversais diferenciadores para a rexión e facer moito máis pola promoción externa, necesitada dunha maior partida presupostaria para poder recibir, no Douro, algo máis do cinco por cento do volumen de turistas que chega a Portugal".

Luís Martins referiuse ao turismo como oportunidade. "En 2008 caímos e recuperamos en ano e medio. Hoxe, sen o temor da guerra (por causa de Rusia invadir Ucraína), poderíamos recuperar pronto e sabido é que cando o turismo anda ben, todo anda ben".

MOMENTO PROMISORIO

Beraldino Pinto aludiu a "un momento feliz e promisorio para Alijó e para a Rexión De-



Concello de Pontevedra
Cidade de
Promoción económica

vis@pontevedra.gal

gastrocorazón

Citas gastronómicas llenas de afecto. Experiencias comestibles para recordar y regresar a una ciudad que te llama por sus calles, por sus valores, por su naturaleza, por su comercio y por sus mesas.

— Festa das Cunchas — Desafío Filloa
— Roteiro de Petiscos — Mestizaxes
— Batalla das Cunchas — Premio Loureiro de Ouro
— Avoa Fest



marcada do Douro, pola intervención artística de Joana Vasconcelos na Casa das Nouras, casa histórica do Douro, e na quinta Quanta Terra. Iso é unha proba de vitalidade, de capacidade para atraer talento e proxectos diferenciadores, innovadores e creativos, nas zonas rurais, territorios periféricos respecto dos centros económicos e de decisión".

Para o vicepresidente da Comi-



Luís Pedro Martins

sión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal "necesitamos estratexias de futuro que respondan á realidade territorial e sexan partilladas por distintos actores nun diálogo determinante entre intereses públicos e competencias privadas". Beraldino Pinto subliñou o papel "nunca accesorio, sempre relevante da cultura, que singulariza e promociona o territorio" e invocou o que chamou "acción concertada" de actores territoriais, económicos, culturais e do coñecemento "como estratexia para a próxima década". Falou tamén de rexionalización, mais medios financeiros, xestión adecuada e unha voz decisiva na fixación das estratexias a seguir. Pensar proxectos e parcerías e logo concretalos cabalmente. "Asumimos a importancia da cultura, concluíu, e estes diálogos abertos son un exemplo das pontes que necesitamos e queremos".

"O noso é un territorio único cunha cultura milenaria que debe superar barreiras mentais"

(Xosé Regueira)

SUPERAR BARRERAS

Xosé Regueira, vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña, empezou referíndose "á nosa realidade histórica común", velaí a Gallaecia, pero, coidando de non poñer o carro diante dos bois, chamou a atención sobre a conveniencia de "superar a barreira do descoñecemento visible a un lado e outro da raia, que aínda hoxe nos separa, unha barreira máis mental que física, que temos que ser quen de vencer", enfatizou.

O responsable de turismo e patrimonio da institución provincial co-



ruñesa reparou no feito de que, no caso de Galicia, "somos capaces de acoller e seguir propostas culturais de espazos moi lonxanos e, porén, cóstanos saber de creacións de Viana do Castelo, Porto ou Vilanova de Cerveira e a súa potente biennial de arte contemporánea, por exemplo". O xornalista **Antón Alonso**, fundador, editor e director da revista *Vinos y Caminos*, apuntou "a necesidade de crear eventos que xeneren converxencias e sinerxias" e a consultora **Filomena Marques** defendeu que a cultura "pode ser unha marca que atravesa fronteiras e favorece a cooperación".

BIODIVERSIDADE AMBIENTAL E CULTURAL

De cultura e das interaccións no ámbito da cooperación falou tamén **Teresa de Albuquerque**, directora da Fundación Casa de Mateus. "Hai anos que vimos cooperando con Galicia, co Consello da Cultura Galega, cos Amigos da Ópera da Coruña e esperamos facelo agora con Ourense e cos seus Encontros Internacionais de Música Barroca".

"Queremos acentuar nos anos vindeiros a nosa actividade con proxectos pedagóxicos, coa biodiversidade

"Necesitamos novos e decididos pasos públicos e privados"

(Filomena Marques)

"Acreditamos nas parcerías (partilhas) como lóxica forma de proceder"

(Teresa Albuquerque)

ambiental e cultural como referente -turismo, pedagogía, cultura, ecoloxía- porque sen esa biodiversidade non hai sociedade. Á música, literatura e artes plásticas sumaremos áreas educativas e científicas". Casa de Mateus, polo demais, creu e acredita nas parcerías (partilhas) "como lóxica forma de proceder".

Xosé Regueira recordou que hai dous anos o debate apuntaba á inevitabilidade dun modelo turístico por causa da crise dos carburantes. Un debate aprazado pola covid-19 e que agora ha retornar con máis forza.

"Temos un problema ambiental gravísimo, unha reconfiguración dos poderes no mundo e unha guerra, en Ucraína, que forzará a mudanza dos equilibrios xeopolíticos. Haberá dificultades e problemas, pero xurdirán tamén oportunidades que deberemos saber aproveitar".

APROVEITAR OS FONDOS EUROPEOS

O político galego subliñou a fundamental importancia do turismo cultural para abrir portas e romper barreiras e trazou o perfil dese novo turista cultural como alguén "máis consciente, máis responsable e máis

esistente, pero tamén con máis capacidade de gasto. Un turista diferente que temos a obriga de gañar -tamén o de ultramar- mesmo en competencia con outros territorios peninsulares". Para ese obxectivo, insistiu, necesitamos ser máis competitivos e traballar a fondo os compromisos da cooperación, que debe ir moito máis alá do logro de novas e imprescindibles infraestruturas.

Citou Regueira a chegada do tren de alta velocidade a Ourense -"con 40 anos de atraso", retrucou Antón Alonso- e lembrou a necesidade de contar con esa infraestrutura na franxa atlántica galaico-portuguesa. "E se o Goberno de Madrid non axuda o que debería, alomenos o Goberno portugués está a defender esa unión territorial", indicou.

Para o vicepresidente do ente provin-



Filomena Marques

"Temos que axudar a redescubrir o noso patrimonio"

(Antón Alonso)

calidade. "Por aí están abertas e deben aproveitárense as vías de colaboración", dixo.

REDESCUBRIR O PATRIMONIO

O publicista Antón Alonso suscribiu "o 99 por cento do apuntado por Regueira" e invocou a alianza cultu-



José Rodríguez Paredes

vas que un bo sistema cultural pode ofrecernos", reiterou.

"Fálase moito da economía circular, teciou Antón Alonso, e xa me contarán qué hai máis circular que a cultura. Así que cómpre infundir ánimos. Ninguén nos virá salvar. Temos que defender o que somos e o que temos e dalo a coñecer. Temos que axudar a redescubrir o noso patrimonio. Nese proxecto está o noso futuro".

Asentiu Filomena Marques: "Necesitamos novos e decididos pasos públicos e privados nesas iniciativas de participación conxunta".



Beraldino Pinto

ral, gastronómica e turística do Norte de Portugal e Galicia. "Eu son coma voçes e a nosa eurorrexión (seis millóns de habitantes) é unha potencia".

Salientou a necesidade de redescubrir o noso patrimonio e as paisaxes fermosas e cambiantes. "Debemos estar máis orgullosos do noso. Do Douro para o norte hai un mundo distinto, que debemos promover e difundir. Viño, cultura, paisaxe, arte, gastronomía...todo é tractor, todo axuda sempre que criemos os vínculos necesarios, poñamos en marcha plataformas de cooperación e potenciemos o coñecemento de todo o que compartimos. Así as cousas, considero que resulta imprescindible potenciar os intercambios e coñecermonos máis".

"A universidade ten que actuar sobre a ligazón da cultura e a actividade económica"

(Emidio Gomes)

Está Regueira convencido de que cunha boa promoción exterior "temos por primeira vez posibilidades de gañar e lograr éxitos conxuntamente nun mercado reconfigurado. O novo turista cultural deberá ver neste noso territorio único de cultura milenaria un espazo virxe e desturritizado".

Pero ese éxito require traballar conxuntamente, ser altamente competitivos e favorecer un turismo de

cial coruñés é imprescindible aproveitar ben os fondos europeos comprometidos e "darlles dimensión social máis alá dos intereses das grandes empresas á espreita. Non sei como van estas cousas en Portugal, pero en Galicia as grandes corporacións vanse beneficiar da maioría deses fondos".

"Temos unha cultura milenaria, engadiu Xosé Regueira, e debemos valorizala debidamente. Temos a obriga de cooperar e esixir que os Fondos Next Generation-EU (Fondos -temporais- de Recuperación para Europa) non a deixen de lado. Temos que insistir na afirmación de que este territorio noso é un espazo de oportunidades e debemos considerar o feito de que o mundo que asoma valorizará especialmente o feito cultural".

Para Regueira está claro que Galicia e o Norte de Portugal teñen condi-

cións para ofrecer bos produtos culturais e ese debe ser un reto compartido. "Debemos considerar moi firmemente as favorables expectati-



Emidio Gomes



Camino de Santiago



Grupos Nacionales/Internacionales



Circuitos Culturales



Eventos (MICE)



Vacaciones en familia, pareja o con amigos

Experiencia
Seguridad
Diferenciación

Viajes InterRías Siempre Contigo www.interrias.com     Consulta en tu agencia de viajes





Antón Alonso

CREAR PRODUCTOS CULTURAIS

A esa iniciativa sumouse Filomena Marques, que empezou por agradecer a colaboración da bodega Quanta Terra e a da artista Joana Vasconcelos e a súa equipa, así como o ciclo de actividades culturais e artísticas implementado para esta primavera pola Cámara Municipal de Alijó. “É un feito que o Douro e Galicia fan parte dun territorio e poden e deben crear produtos culturais conxuntamente. Ofrecemos

“Estamos pensando implementar unha taxa de chegada”

(José Rodrigues Paredes)

algo diferente e sostible e podemos compartilo e dalo a coñecer. Debemos aproveitar con bo criterio os recursos e as posibilidades que nos ofrece a tecnoloxía e poñelos ao servizo dos obxectivos compartidos”.

COOPERACIÓN EFECTIVA E EDUCACIÓN

Xosé Regueira non deixou de lembrar a necesidade dunha máis efec-

tiva cooperación. “É no eido cultural, o achegamento das culturas, é fundamental e debería haber maior cooperación por parte dos Estados español e portugués”.

Claro que ao falar da necesidade dun maior coñecemento mútuo e máis intercambios, aparece o reto da educación como algo fundamental. “É moi necesario que os escolares galegos e portugueses coñezan esas dúas realidades pasadas e presentes, eses dous espazos, esas dúas expresións culturais. A educación e a cultura deben axudarnos positivamente a superar problemas e carencias. Calquera expresión cultural é importante, empezando, un supón, pola música. Non se entende moi ben que non haxa bandas portuguesas en festivais de música indie en Galicia”.

Defendeu Regueira con criterio a necesidade de valorizar a cultura “non como un ocio gratuito, senón como unha expresión e un produto ao servizo das xentes que a protagonizan e a disfrutan, que a promoven e a comparten. Debemos ter moi claro que todo eso ten un valor, é rendible porque ofrece beneficios e abre novos camiños e oportunidades para a toda a sociedade. Nomeadamente para as persoas que viven e traballan neste noso territorio único”.

UNIVERSIDADE RESPONSABLE

Emídio Gomes, reitor da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, referiuse á paisaxe rexional cambiante, “paisaxe evolutiva, que muda cada ano como consecuencia dunha actividade sustentable, resultado no tempo do traballo de séculos do pobo galaico-portugués. O noso pobo mantén a expresión “traballa coma un galego” para se referir a un esforzo laboral duro, abnegado, sistemático”, lembrou.

Para o reitor “a universidade ten que ser un factor que adúe sobre a dimensión da ligazón da cultura e a

actividade económica. Esa é a nosa responsabilidade social. Temos que ser un elemento de interacción



Teresa de Albuquerque

e integración no territorio. E ben sabemos que un país que non ten unha estratexia global para o territorio nunca será un país desenvolvido”.

Foi contundente o reitor ao afirmar que a universidade debe ser “un elemento muito activo nos desafíos que temos por diante”. Sinalou a enogastronomía e o enoturismo como dúas das bases esenciais para o futuro rexional e engadiu: “Temos o mellor laboratorio de ciencias gastronómicas da Península Ibérica e, nun período de quince meses contaremos con unha das mellores salas de análise de alimentos e de viños da Unión Europea”. Viños do Porto que, por certo, nestas terras nacen, aínda que, logo dos seis primeiros meses, sexan levados ás grandes bodegas de Vila Nova de Gaia.

FOROS QUE AXUDAN

A referencia á demografía retornou á reflexión do reitor no remate da súa intervención. Recordou nese momento que a universidade que dirixe (oito mil matriculas) conta cun alto número de alumnos de fóra da rexión (nada menos que o 75 por cento). “Se consideramos a actual evolución demográfica negativa, podemos aumentar ao 80-90 por cento dentro de seis ou oito anos. Así

“Queremos produtos turísticos transversais diferenciadores e máis promoción externa”

(Luís Pedro Martins)

que o futuro desta nosa universidade está ligado á nosa capacidade para transmitir e partillar o amor por esta rexión con aqueles que nos visitan e aqueles que acollemos. Para así conseguirmos que moitos deles se queden. Moito do futuro desta rexión terá relación directa co amor que logremos transmitir, co noso acerto e a nosa eficacia como docentes e investigadores”.

Emídio Gomes expresou finalmente a súa convicción de que “foros de debate como este, axudan” e finalizo: “Voume de aquí máis animado”. ¡Ouh, os impresionables intanxibles, base da “experiencia” sempre invocada pola artista Joana Vasconcelos! “A felicidade non se escribe, vívese”, sentenciou a artista.

Poñamos que o futuro, tamén. O futuro compartido, partillado, no territorio “único”, Galicia-Norte de Portugal, que nos une e acolle. Territorio que tanto camiñou o meu admirado Miguel Torga (1907-1995), médico e poeta, de São Martinho de Anta (Sabrosa), do que ben pode dicirse que “escrevía como quen lavrava a terra”. A terra que traballa, honra e canta o pan e o viño. Beizón.



André de Quiroga

“Asumimos a importancia da cultura e o seu rol relevante na singularización do territorio”

(Beraldino Pinto)

Joana Vasconcelos, artista portuguesa mundialmente recoñecida

Cunha carreira artística de 25 anos esta polifacética artista portuguesa -que tamén se proxecta no vídeo e no debuxo- acadou recoñecemento mundial coas súas esculturas monumentais, que cuestionan, con humor e ironía, a condición da muller, a sociedade de consumo e a identidade colectiva.

O recoñecemento chegoulle en 2005 na Bienal de Venecia (Italia), a onde retornou en 2013 con “Tráfaria Praia”, primeiro pavillón flotante na historia do evento.

Foi a artista máis nova e a primeira muller en expoñer no Palacio de Versalles en 2012, cun récord de 1’6 millóns de visitantes.



Joana Vasconcelos

En 2018 converteuse na primeira artista portuguesa en ter unha exposición individual no Guggenheim de Bilbao, calificada como a mellor edición dese ano por The Art Newspaper.

Na bodega Quanta Terra, de Favaiois (Alijó) acaba de iniciar un ciclo de exposicións itinerantes que ha recorrer todo o territorio portugués nun chamativo proxecto de descentralización cultural.

Joana Vasconcelos é a presidenta da fundación que leva o seu nome. Nos foros de debate, en Quanta Terra, ornada con algunhas obras súas, interviú no panel xunto con Teresa de Albuquerque e Emídio Gomes. Defendeu a itinerancia das súas obras tamén fóra dos grandes centros urbanos. “As artes existen no intanxible e aí axudan a crear unha experiencia e contribúen a fortalecer o territorio que as acolle. Iso é o que me move. Acredito da na vontade de partillar, de cooperar para crear os intanxibles: paz, democracia, liberdade, felicidade, benestar...”.